



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la limitación en la venta de billetes de Renfe en las conexiones ferroviarias con Galicia.**

Renfe sigue sin ampliar los calendarios y la planificación del transporte ferroviario en Galicia que permitan adquirir billetes de tren con un mínimo de antelación y planificar los viajes.

Para los gallegos y las gallegas, a tres semanas de que finalice el actual periodo de venta, abierto a principios de abril, sigue sin ser posible adquirir billetes para el mes de junio ni fechas posteriores. Así, el mensaje de que «no hay trenes para los criterios seleccionados» se repite tanto en la página web como en las taquillas de las estaciones, lo que genera una gran frustración entre las personas usuarias que se ven privadas de la posibilidad de adquirir los billetes a un precio asequible y con suficiente antelación.

En estos momentos en que las familias planifican sus vacaciones, visitas familiares o la vuelta a casa de los estudiantes a final de curso, no pueden contar con la posibilidad de hacerlo en tren, ya que el sistema limita las ventas y solo está abierto hasta el 1 de junio para los trenes Madrid-Vigo, Madrid-A Coruña o Madrid-Santiago. La limitación también afecta a algunas de las conexiones internas en trenes de media distancia en Galicia, ya que, por ejemplo, no es posible comprar billetes para la ruta Vigo-A Coruña más allá de mediados de junio.

El propio Ministerio de Transportes ha reconocido los problemas del sistema de ventas y ha prometido dar una solución, sin embargo, aún queda mucho por resolver. Además, desde la operadora ferroviaria aún no se han dado explicaciones de cuáles son las razones por las que no se pueden planificar viajes ni abrir a la venta los billetes con más de uno o dos meses de antelación.

La forma de actuar de Renfe se caracteriza por la opacidad y la falta de información como estrategia dilatoria, mientras los usuarios del transporte ferroviario en Galicia siguen sufriendo esta limitación, que se suma a los problemas de falta de plazas, tanto en las



conexiones con Madrid como en las del Eje Atlántico, escasez de frecuencias y precios elevados.


Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Renfe va a corregir esta clara discriminación hacia los viajeros y viajeras en Galicia y eliminará las actuales limitaciones en el sistema de venta de billetes que impiden programar viajes de larga distancia y alta velocidad en conexión con Galicia, pero también en media distancia y en el Eje Atlántico?
2. ¿Cuáles son las razones por las que estas restricciones siguen vigentes en un sistema que actualmente solo permite la compra de billetes para este mes de mayo y hasta el 1 de junio, impidiendo planificar viajes de vacaciones, estudios o trabajo con la antelación mínima suficiente?
3. ¿Por qué estas restricciones a la compra de billetes solo afectan a los trenes gallegos cuando es posible comprar billetes con antelación para viajar a partes del Estado?
4. ¿Es consciente de que esta circunstancia también afecta al precio de los billetes e impide a muchas personas adquirir sus viajes de forma más económica?
5. ¿Qué medidas está tomando para solucionar este problema que es una losa para miles de usuarios y usuarias que necesitan planificar y organizar sus viajes y que además pretenden adquirir billetes a precios asequibles?
6. ¿Por cuánto tiempo se abrirán las ventas este mes de mayo? ¿Será posible que abran las ventas al menos hasta septiembre?

Madrid, a 8 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



Pregunta sobre as limitacións no calendario de venda billetes nas conexións ferroviarias na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á limitación na venda de billetes de Renfe nas conexións ferroviarias coa Galiza.**

Renfe segue sen ampliar os calendarios e planificación do transporte ferroviario na Galiza que permitan adquirir billetes de tren cun mínimo de antelación e planificar as viaxes.

Para os galegos e as galegas, a tres semanas de que venza o actual prazo de venda, aberto a comezos do mes de abril, segue sen ser posíbel mercar billetes para o mes de xuño ou datas posteriores. Así, a mensaxe de que “non hai trens para os criterios seleccionados” repítese tanto na páxina web como nas taquillas presenciais das estacións, o que xera unha grande frustración nas persoas usuarias que se ven privados da posibilidade de adquirir os billetes a un prezo accesíbel e con antelación suficiente.

Nesta altura, en que as familias planifican as súas vacacións, visitas familiares ou a volta a casa das e dos estudantes a final de curso, non poden contar coa posibilidade de facelo en tren, pois o sistema limita a venda e só está aberto até o 1 de xuño para os trens Madrid-Vigo, Madrid-A Coruña ou Madrid-Santiago. A limitación afecta tamén a algunhas das conexións interiores en trens de media distancia na Galiza, pois, por exemplo, tampouco é posíbel mercar billetes para o traxecto Vigo-A Coruña máis alá de mediados de xuño.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

08 MAY. 2025 10:51:51

Entrada **67532**



O propio Ministerio de Transportes ten recoñecido os problemas do sistema de venda e prometido dar unha solución, porén, segue se resolverse. É máis, desde a operadora ferroviaria aínda non deron explicacións de cales son as razóns que fan que non se poidan planificar as viaxes e abrir a comercialización dos billetes máis alá de un ou dos meses vista.

A forma de conducirse de Renfe caracterízase pola opacidade e falta de información como estratexia dilatoria, mentres as persoas usuarias do transporte ferroviario na Galiza continúan a padecer esta limitación, que se suma aos problemas de insuficiencia de prazas, tanto nas conexións con Madrid como nas do Eixo Atlántico, falta de frecuencias e altos prezos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Corrixirá Renfe esta clara discriminación cos viaxeiros e viaxeiras na Galiza e eliminará as limitacións actuais no sistema de venda de billetes que impiden programar viaxes en conexión con Galiza de larga distancia e alta velocidade, mais tamén en media distancia e no Eixo Atlántico?
2. Cales son as razóns polos que seguen vixentes estas restricións no sistema que, actualmente, só permite adquirir billetes para este mes de maio e até o un de xuño impedindo que se podan planificar as viaxes de vacacións, estudos ou traballo cunha antelación mínima suficiente?
3. Porqué estas restricións na compra de billetes afectan só aos trens galegos mentres que si é posíbel comprar viaxes con antelación para viaxar a partes do Estado?
4. É consciente que esta circunstancia afecta tamén ao prezo dos billetes e que impide a moitas persoas adquirir as súas viaxes de forma máis económica?



5. Que medidas está a adoptar para solucionar este problema que é unha lousa para miles de usuarios e usuarias que precisan realizar unha planificación e organización das viaxes e que tamén pretende adquirir billetes a prezos accesíbeis?
6. Por canto tempo se abrirán as vendas neste mes de maio? Será posíbel que abran as vendas cando menos até setembro?

Madrid, a 8 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso